

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS DE SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS DO RECENTE SISMO E POSTERIOR TSUNAMI EN INDONESIA E TRAMITACIÓN DUNHA ACHEGA PARA PALIAR OS SEUS EFECTOS A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL UNICEF

Como é sabido a través dos distintos medios de comunicación, o pasado 28 de setembro tivo lugar un potente sismo de magnitude 7,4 na Costa Oeste de Sulawesi (Indonesia) e posterior tsunami que, pola súa proximidade a zoas densamente poboadas, especialmente ás cidades de Palu e Dongala, ocasionou unha grande devastación física e humana, cunhas cifras que superan as 1.000 persoas falecidas e máis de 16.000 desprazadas, entre as que se atopa un importante número de nenos/as.

A Deputación da Coruña, sensible coas políticas de cooperación ao desenvolvemento, sempre amosou a súa disposición a colaborar a través da axuda humanitaria e de emerxencia, nas accións encamiñadas ao envío con carácter urxente e non discriminado do material de socorro necesario, incluída a axuda alimentaria de emerxencia para protexer as vidas humanas e aliviar a situación das poboacións vítimas dunha catástrofe natural, como é o caso.

Esta axuda a poden levar a cabo as administracións públicas directamente ou por medio de organizacións non gobernamentais ou organismos internacionais, polo que inmediatamente despois de ter lugar o fatal desenlace, numerosas entidades, públicas e privadas, puxeron en marcha os seus sistemas de axuda humanitaria, algunhas delas con demostrada experiencia e implantación no citado país, como é o caso da organización internacional UNICEF, no que xestiona proxectos de desenvolvemento en diferentes áreas dende hai anos, sobre todo no que afecta á poboación infantil, e que neste momento están a preparar o envío de suministros e movilizano a persoal especializado para reforzar unha resposta de emerxencia.

Polas citadas razóns, o Comité Autonómico para Galicia da UNICEF, nas súas funcións de colaboración coa súa respectiva organización nacional, en orde á recadación de fondos para o financiamento das súas actividades, se dirixe á Deputación Provincial da Coruña para solicitar as axudas que sexan posibles e, se fora o caso, o seu ingreso na conta de emerxencia correspondente, habilitada e destinada ao financiamento da axuda de emerxencia que está a levar a cabo no terreo.

Tendo en conta o anterior, os grupos políticos que conforman a Deputación Provincial da Coruña, a través dos seus portavoces, presentan ante o Pleno Corporativo unha declaración institucional para solidarizarse coas vítimas e comprometerse a facilitar a tramitación dunha achega para paliar os seus efectos, sobre todo no que afecta á poboación infantil, a través da organización internacional UNICEF.

A Coruña, 25 de outubro de 2018

Gpo do PP,

Grupo do PsdG-PSOE,

Gpo do BNG,

Gpo de Marea Atlántica,

Gpo de Compostela Aberta,

Gpo de ALTERNATIVA DOS
VECÍÑOS,